

Libros

“Con cordas de tenrura”


VICTORINO PÉREZ PRIETO.
Con cordas de tenrura, SEPT,
 Vigo 2000, 148 p.

José A. Seoane Ares • Redacción

Un dos divorcios máis desastrosos que se teñen dado na historia da teoloxía foi a separación entre a teoloxía espiritual e a teoloxía sistemática. A teoloxía espiritual empobreceuse ata niveis increíbles e a sistemática chegou a ser algo seco, abstracto, frío, indixesto, ... Sin despreciar a necesaria especialización, unha das riquezas que aporta o Vaticano II, coa consigna de "volta ás fontes", foi a de potenciar unhas teoloxías máis vigorosas, sexa cal sexa o sector no que nos movamos.

Unha mostra desta novidade é este libro: teoloxía e espiritualidade emparelladas. Pódese dicir que son uns apuntes escolleitos para uns días de acougo e reflexión cristiá (Mc 6,31). Así o presenta o seu autor nas primeiras páxinas: *"unha humilde proposta que axude a un re-encontro con Deus, co Deus de Xesús"*. E así o pode verificar o lector en cada apartado. Hai un esforzo de precisión conceptual e de rigor expositivo que non defraudan ó que queira e a iso invita- ir máis arriba e máis fondo; e, á vez, isto vai xun- guido con un calor de confesión de fe apaixonado e fresco, que fai que a lectura resulte doada, mesmo para as persoas que non estean afeitas a ler sobre estes temas.

O seu autor é coñecido por moitos entre nós, xa desde a súa adolescencia e xuventude. É Tori. Vivía daquela coa súa familia polas terras onde naceu o egrexio Pedro de Mezonzo: Présaras e Boimorto. Formouse nos nosos seminarios de Belvís e de San Martiño Pinario. É cura desde o comenzo dos anos oitenta e leva servindo como tal na Terra Cha (Pastoriza, Lagoa, ...); despois en Xove e parroquias de preto e agora en dúas da bisbarra de Catabois (Ferrol). Era e segue a ser inque- do e militante cristián; non está de volta de nada (coma moitos daquela quenda), * o que vai descubriendo como válido trata de difundilo sen medo a * comprometerse. Escribiu e publicou antes unha media ducia de libros e un feixe de artigos e colaboracións en revistas e xornais; pero esta obra é a que está máis no cerne das angueiras, gozos e



esperanzas do autor.

"Con cordas de tenrura" está estruturado en sete capítulos de parecida extensión e desenrolo. Os máis suxerentes para mín foron os adicados á Encarnación (52) e a María e outras mulleres bíblicas. Ten abundantes referencias bibliográficas, aínda que o eixo son sempre os textos bíblicos, e máis en concreto a persoa de Xesucristo e o seguimento como discípulo (cinco dos sete capítulos aluden a seguir a Xesús). O mesmo título está tomado de Os 11, 4; e a imaxe da portada podería ser unha ilustración destas palabras do Sal 73, 23: *"Eu estou sempre contigo e ti cóllesme da dereita"*.

Non é un libro escrito dun tirón ("foise facendo" p. 10) nin é un libro de gabinete ou de cátedra, senon o repouso do mellor que o autor foi acollendo e espallando en abondosas lecturas e grupos diversos de reflexión. Sobre todo en "Estudios de Evanxeo" feitos persoalmente ou en grupo. E todo ordenado agora e presentado para ser acollido, con repouso tamén, e personalizado. Tampouco debe ser lido, logo, dunha xeira; sería mellor unha lectura pausada, e un remoer algúns textos seguindo as suxestións que aparecen en cada apartado. Pódese volver con proveito a ler. Atrévome a propoñer un traballo intenso durante unha semana de certo acougo. Un capítulo para cada día podería se-la dose razo- nable (Este anuncio non é dun medicamento, ... pero cura) .